

Para cumprir este mandato e despois de emitido informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.

1. Queda aprobado o prezo de venda ao público da publicación editada por esta consellería *Macromagnitudes agrarias 2002* ao prezo de 12 €.

2. Este prezo entenderase con IVE incluído.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2006.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

Orde do 25 de xaneiro de 2006 pola que se fixa o prezo de venda ao público da publicación Ensilaxe de herba: factores de variación da calidade.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51 sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandato e despois de emitido informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.

1. Queda aprobado o prezo de venda ao público da publicación editada por esta consellería *Ensilaxe de herba: factores de variación da calidade* ao prezo de 7 €.

2. Este prezo entenderase con IVE incluído.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2006.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

Orde do 25 de xaneiro de 2006 pola que se fixa o prezo de venda ao público da publicación A agricultura sostible.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51 sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandato e despois de emitido informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.

1. Queda aprobado o prezo de venda ao público da publicación editada por esta consellería *A agricultura sostible* ao prezo de 11 €.

2. Este prezo entenderase con IVE incluído.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2006.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

Orde do 25 de xaneiro de 2006 pola que se fixa o prezo de venda ao público da publicación Cogomelos de Galicia.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51 sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandato e despois de emitido informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.

1. Queda aprobado o prezo de venda ao público da publicación editada por esta consellería *Cogomelos de Galicia* ao prezo de 18 €.

2. Este prezo entenderase con IVE incluído.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2006.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

Orde do 16 de febreiro de 2006 pola que se establecen axudas a entidades sen ánimo de lucro para a promoción, comercialización e mellora da calidade dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos e se convocan para o ano 2006.

Galicia conta cunha rica e variada agricultura produtora de materias primas de indubidable calidade e valor culinario, que deu lugar a unha amplísima oferta gastronómica que forma parte da cultura do país.

Neste contexto hai que enmarcar as actuacións que desenvolve a Consellería do Medio Rural para

o fomento da comercialización e mellora da calidade dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos, e moi especialmente daqueles produtos que contan con algún distintivo de calidade, como as denominacións de orixe, as indicacións xeográficas protexidas ou os produtos procedentes da agricultura ecolóxica.

Dentro desta liña de actuación, mediante esta orde establécense axudas á promoción, comercialización e mellora da calidade dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos e convócanse para o exercicio orzamentario de 2006.

Estas axudas, dirixidas a consellos reguladores de produtos con algún distintivo de calidade e asociacións sectoriais sen fins de lucro, redundan de xeito indirecto nos produtores e nas industrias agroalimentarias galegas -en xeral de pequeno e mediano tamaño e con dificultades de acceso aos mercados, especialmente aos de fóra de Galicia-xa que favorecen a transformación na comunidade autónoma de produtos diferenciados e con elevado valor engadido.

En virtude do exposto, de acordo co disposto no artigo 30.I.3º do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto establecer as axudas que, en réxime de concorrência competitiva, vai conceder a Consellería do Medio Rural aos investimentos realizados por entidades sen ánimo de lucro para a promoción, comercialización e mellora da calidade dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos, e efectuar a súa convocatoria para o ano 2006.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios destas axudas:

a) Os consellos reguladores dos produtos agroalimentarios galegos con indicativo de calidade.

b) As asociacións sen fins de lucro de produtores e/ou de empresas agrarias e agroalimentarias (en adiante asociacións sectoriais) que teñan entre os seus obxectivos a promoción, a mellora das condicións de comercialización e/ou a mellora da calidade dalgún produto agrario ou agroalimentario galego.

Artigo 3º.-Actividades subvencionables e contía das axudas.

Considéranse subvencionables os investimentos, excluídos impostos recuperables, realizados nas seguintes actividades:

a) Promoción.

As accións subvencionables serán actuacións de promoción xenéricas que, en todo caso, se axustarán aos requisitos e limitacións recollidos nas directrices sobre axudas estatais para a publicidade de produtos agrarios incluídos no anexo I do Tratado CEE, e

de determinados produtos non incluídos nel (DOCE C252, do 12 de setembro de 2001).

Para as campañas publicitarias en medios de comunicación establécense unha porcentaxe máxima do 50% do investimento subvencionable, consonte co disposto na normativa comunitaria antes citada. Como requisito previo á súa difusión, as campañas publicitarias deberán ser supervisadas e aprobadas por esta consellería. Estas campañas utilizarán preferentemente o idioma galego cando a súa difusión estea prevista no territorio da comunidade autónoma.

No caso doutras accións promocionais distintas das campañas publicitarias tales como presentacións públicas, degustacións, catas comentadas, etc., a axuda poderá acadar o 75% do investimento subvencionable.

Nas actuacións realizadas, os produtos elaborados polas empresas inscritas ou asociadas empregados nas campañas de promoción, poderán ser considerados como parte da porcentaxe de achega ao investimento correspondente ao solicitante, valorándose a prezos de orixe.

b) Feiras e certames comerciais.

Poderá subvencionarse a participación en feiras e certames comerciais do sector agrario e agroalimentario.

Cando un beneficiario pretenda solicitar unha axuda para asistir a distintos eventos, poderá acumular nun só expediente todos aqueles que se produzan no mesmo ámbito xeográfico (peninsular ou extrapeninsular), pero deberá presentar, xunto coa solicitude, unha memoria explicativa e un orzamento pormenorizado relativo a cada unha das ferias ou certames comerciais a que se refira o expediente.

Serán tamén subvencionables a organización de feiras e certames comerciais do sector agrario e agroalimentario, con exclusión das relativas a concursos, exposicións e feiras de gando.

As axudas serán subvencións cos límites que se determinan deseguido:

-Asistencia: no territorio peninsular (incluído Portugal), ata un 50% dos gastos subvencionables, cun máximo de axuda de 6.000 € por cada asistencia.

Nos demais casos, ata un 60% dos gastos subvencionables, cun máximo de axuda de 6.000 € por cada certame.

Neste punto terán a consideración de gastos subvencionables os correspondentes a gastos de instalación do posto (aluguer de espazo e mobiliario, decoración, seguros, etc.), traslado de produtos, actividades e material de promoción complementarios e gastos de contratación dun máximo de dous empregados para a atención do posto ou, de ser o caso, os gastos de desprazamento e aloxamento dun máximo de dúas persoas por entidade solicitante, sendo, neste último caso, a cantidade máxima subvencionable a regulamentariamente establecida para os funcionarios do grupo 2º da comunidade autónoma.

-Organización: ata un 50% dos investimentos subvencionables, cun máximo de 18.000 €.

c) Estudos, xornadas técnicas, seminarios e congresos.

Serán subvencionables os estudos de viabilidade, de investigación e prospección de mercados, así como os que teñan por obxecto a mellora da calidade ou dos procesos de comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos. Inclúense tamén os estudos de conxuntura, análise das perspectivas e evolución dos mercados, sempre que poidan ter unha incidencia directa na mellora dos procesos de comercialización.

Subvencionarase tamén a organización e realización de xornadas técnicas, seminarios e congresos que teñan como obxectivo a mellora da calidade na produción, elaboración e na comercialización dos produtos agrarios ou agroalimentarios galegos.

Con carácter xeral, as axudas poderán chegar ata o 70% dos investimentos subvencionables. No caso de estudos destinados á preparación de solicitudes de recoñecemento de denominacións de calidade, poderán acadar o 100% dos gastos subvencionables.

d) Programas.

Serán subvencionables aqueles programas que teñan como obxectivo a mellora da calidade e o fomento da normalización, tipificación e control da calidade dalgún produto agrario ou agroalimentario galego.

A axuda poderá chegar ata o 100% do gasto subvencionable, respectándose, en todo caso, as limitacións que neste respecto se recollen nas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario (DOCE C28, do 1 de febreiro de 2000).

Artigo 4º.-Criterios de valoración.

Na resolución das solicitudes presentadas teranse en conta os criterios de valoración prioritarios seguintes:

-Incidencia potencial da actuación na mellora da calidade dos produtos e na súa comercialización (ata 10 puntos).

-Importancia da actuación para o desenvolvemento da actividade do consello regulador ou da asociación (ata 10 puntos).

-Relación custo/beneficio da actuación (ata 10 puntos).

-Axuste das actuacións ás demandas do mercado (ata 10 puntos).

Artigo 5º.-Limitacións de carácter xeral.

En todo caso a contía das axudas recollidas no artigo 3º axustarase ao establecido na normativa de aplicación xeral vixente e, en particular, ao contido nas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario (DOCE C28, do 1 de febreiro de 2000) e normativa concordante que, entre outras limitacións, establece que a concesión de axudas

terá carácter decrecente no caso das outorgadas para os gastos dos controis efectuados co fin de garantir a autenticidade dos produtos certificados polas denominacións de calidade, ata a súa desaparición ao sétimo ano da súa aplicación; e que a contía máxima da axuda que se deberá percibir polas actuacións recollidas nas súas seccións 13 (axudas destinadas á produción e comercialización de produtos agrícolas de calidade) e 14 (apoio técnico ao sector agrario, no que se inclúe a organización e participación nas feiras), non poderá superar, para cada unha das seccións, a cantidade de 100.000 € por beneficiario nun mesmo período de tres anos ou, tratándose de pequenas e medianas empresas, non poderá exceder o 50% dos gastos subvencionables, segundo cál sexa a cifra máis favorable.

Artigo 6º.-Solicitudes e prazo de presentación.

1. As solicitudes presentaranse en instancia dirixida ao conselleiro do Medio Rural, de acordo co modelo que figura no anexo I que vai con esta orde, acompañada da documentación que figura no anexo II. Deberase presentar unha instancia por cada actuación que se pretenda acoller a este réxime de axudas, coa excepción establecida no artigo 3º, alínea b) desta orde, relativa á participación en feiras e certames comerciais.

2. As solicitudes presentaranse preferentemente nos rexistros dos órganos dependentes da Consellería do Medio Rural. Así mesmo, poderán presentarse nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio, ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de envío por correo, farase de acordo co regulamentariamente previsto no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, que indica que se presentará en sobre aberto, co obxecto de que na cabeceira da primeira folla do documento que se queira enviar se faga constar, con claridade, o nome da oficina e a data, o lugar, a hora e minuto da súa admisión.

3. O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día seguinte ao da publicación desta orde e finalizará o día 31 de marzo de 2006.

4. A presentación das solicitudes comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, acreditativas de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias

e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Non obstante, quedan exentas de achegar os xustificantes do cumprimento das obrigas ás que se refire o artigo 78 do texto refundido la Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, as especificadas no artigo 41 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Artigo 7º.-Instrución e resolución.

1. Correspóndelle á Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria a instrución do procedemento, para o que poderá solicitar do peticionario calquera documento que considere necesario para a correcta tramitación do expediente.

2. O exame e valoración das solicitudes levaraos a cabo unha comisión de valoración constituída do seguinte xeito:

Presidente: o subdirector xeral de Industrias e Calidade Agroalimentaria.

Vogais: dous funcionarios do Servizo de Promoción da Calidade Agroalimentaria.

Secretario: o xefe do servizo de Promoción da Calidade Agroalimentaria, que actuará con voz e voto.

3. A comisión de valoración, facendo aplicación dos criterios establecidos no artigo 4º desta orde, examinará as solicitudes presentadas e informará á Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, que elaborará a proposta de resolución e a elevará ao órgano competente para resolver. A proposta deberá conter unha relación dos solicitantes para os que se propón a axuda, a contía desta e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

4. As solicitudes serán resoltas polo conselleiro do Medio Rural no prazo máximo de seis meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que o interesado recibise comunicación expresa, poderase entender desestimada a súa pretensión por silencio administrativo.

5. A resolución de concesión indicará os investimentos considerados como subvencionables, así como as condicións xerais e particulares que se consideren necesarias para garantir o cumprimento dos obxectivos da axuda. Especificamente indicará o prazo máximo para a realización e xustificación dos investimentos realizados, que será polo menos posterior en quince días á finalización da realización do investimento subvencionado segundo o calendario presentado e, en calquera caso, anterior a data límite do 15 de decembro de 2006.

Artigo 8º.-Tramitación do pagamento das axudas.

1. Executados os investimentos o beneficiario presentará, preferentemente nos servizos centrais ou

nas delegacións provinciais da Consellería do Medio Rural, e sempre destinada á Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, en Santiago de Compostela, a seguinte documentación:

a) Xustificantes dos investimentos efectuados: facturas orixinais e fotocopias, cunha relación numerada delas.

b) Declaración do beneficiario sobre outras axudas solicitadas ou concedidas para os mesmos investimentos.

c) Certificación da entidade bancaria que acredite a existencia da conta a nome do beneficiario, para o pagamento da subvención.

d) Ademais, e xunto coa documentación relacionada nas anteriores epígrafes, os solicitantes deberán presentar con carácter xeral:

d.1) No caso de campañas de publicidade: un exemplar de cada un dos elementos integrantes da campaña (carteis, folletos, spots, etc.).

d.2) No caso de xornadas técnicas, seminarios e congresos: unha memoria na que se inclúa un resumo dos temas expostos e das conclusións obtidas.

d.3) No caso de estudos: unha copia destes.

d.4) No caso de programas: memoria das actividades realizadas e valoración do seu desenvolvemento e dos resultados obtidos.

2. De acordo co artigo 31.3º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 12.000 € no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas especiais características do gasto subvencionable non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, de ser o caso, na solicitude da subvención, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

3. De acordo co establecido no artigo 16 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime das axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, poderanse efectuar pagamentos parciais a medida que o beneficiario xustifique a realización dos investimentos e, no caso de que a subvención exceda a contía de 30.050,61 €, o seu pagamento. Estes pagamentos non superarán o 80% da subvención concedida, e o importe restante librarase no momento da completa xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade e das demais condicións para as que lle foi concedida.

4. Con carácter excepcional e por resolución motivada da consellería, poderá autorizarse un anticipo

de ata o 50% da anualidade naqueles casos en que o investimento exixa pagamentos inmediatos.

5. No caso de pagamentos parciais, cando a contía da subvención exceda de 30.050,61 €, e no de anticipos que superen o devandito importe, será preciso que o beneficiario presente as garantías establecidas no artigo 17 do citado Decreto 287/2000.

Artigo 9º.-Seguimento e control.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. As resolucións de concesión de subvención establecerán o prazo máximo de xustificación dos investimentos. Non obstante, poderase conceder, por pedimento xustificado do interesado realizado antes da finalización do prazo establecido, e sempre que as disponibilidades orzamentarias o permitan, unha ampliación do dito prazo.

3. Calquera modificación que afecte substancialmente a realización dos investimentos e gastos aprobados deberá ser previamente comunicada á Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria. No caso de redución da contía dos gastos realizados, e sempre que se manteñan os obxectivos iniciais e se cumpran os requisitos establecidos no artigo 12.2º do Decreto 287/2000, a subvención verase reducida na contía proporcional correspondente.

4. Ademais da documentación complementaria que durante a tramitación do procedemento lles poidan esixir os órganos correspondentes da Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, os beneficiarios deberán someterse ás actuacións de comprobación que deban efectuar estes, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da comunidade autónoma; ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, e ás que sexan realizadas por calquera órgano comunitario de inspección ou control.

Artigo 10º.-Incumprimento, reintegro e réxime de infraccións e sancións.

1. Procederá o reintegro total ou parcial das axudas concedidas ao abeiro desta orde, e dos xuros de mora acumulados desde o momento do seu pagamento, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en xeral, nos casos establecidos no artigo 78 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

2. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, aos beneficiarios das axudas reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións

e sancións previsto no artigo 79 do Decreto lexislativo 1/1999.

Artigo 11º.-Compatibilidade.

As axudas concedidas a través desta orde poderán ser compatibles con calquera outra, sen que, en ningún caso, a contía total das axudas percibidas supere o custo da actividade subvencionada, nin os límites establecidos nas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario (DOCE C28/02, do 1 de febreiro de 2000) e normativa concordante.

Artigo 12º.-Réxime de recursos.

A resolución da subvención porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, ou no prazo de tres meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo, ou ben ser impugnada directamente perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses se a resolución fose expresa ou de seis meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo.

Disposicións adicionais

Primeira.-Financiamento das axudas.

O pagamento das axudas previstas nesta orde efectuarse con cargo aos orzamentos da Consellería do Medio Rural para o ano 2006, na aplicación orzamentaria 11.03.615A.780.0, cunha dotación de 2.000.000 de euros.

Segunda.-Réxime xurídico.

En todas aquelas cuestións non previstas na presente orde haberá que aterse ao disposto nos artigos 78 e 79 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia coas modificacións introducidas pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Disposicións de desenvolvemento.

Facúltase o director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para ditar as disposicións que considere oportunas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2006.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

PROCEDEMENTO AXUDAS Á PROMOCIÓN, COMERCIALIZACIÓN E MELLORA DA CALIDADE DOS PRODUTOS AGRARIOS E AGROALIMENTARIOS GALEGOS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR302A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

NOME DO SOLICITANTE			CIF/NIF
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
REPRESENTADO POR D/Dª			TELÉFONO

ACTIVIDADE OBXECTO DO INVESTIMENTO (MARCAR SÓ UNHA ACTIVIDADE EN CADA SOLICITUDE)

☐ A) PROMOCIÓN. ☐ B) FEIRAS E CERTAMES COMERCIAIS: ☐ ORGANIZACIÓN. ☐ ASISTENCIA. ☐ C) ESTUDOS, XORNADAS TÉCNICAS, SEMINARIOS E CONGRESOS. ☐ D) PROGRAMAS.
ORZAMENTO

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 16 de febreiro de 2006 pola que se establecen axudas a entidades sen ánimo de lucro para a promoción, comercialización e mellora da calidade dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos e se convocan para o ano 2006.</i>
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA , de de 200

(Para cubrir pola Administración)		NUMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Conselleiro do Medio Rural

ANEXO II

**DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA
(UN ANEXO POR CADA UNHA DAS SOLICITUDES)**

- ☐ PROMOCIÓN.
- ☐ FEIRAS E CERTAMES COMERCIAIS.
- ☐ ESTUDOS, XORNADAS TÉCNICAS, SEMINARIOS E CONGRESOS.
- ☐ PROGRAMAS.

1.- MEMORIA EXPLICATIVA DOS OBXECTOS DO INVESTIMENTO.

1.1.- DESCRICIÓN DETALLADA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER.

DESCRICIÓN DE CADA UNHA DAS ACTIVIDADES PREVISTAS QUE VAI REALIZAR O SOLICITANTE SEN INCLUIR ORZAMENTO. DETALLARANSE E DESCRIBIRANSE AO MÁXIMO TODAS E CADA UNHA DAS ACTIVIDADES.

1.2.- AVALIACIÓN ECONÓMICA DAS SÚAS VANTAXES.

1.3.- RELACIÓN DE EFECTIVOS HUMANOS E MEDIOS MATERIAIS DE QUE SE DISPÓN.

1.4.- PLAN CRONOLÓXICO DOS TRABALLOS.

2.- ORZAMENTO PORMENORIZADO DOS GASTOS PREVISTOS.3.- DECLARACIÓN XURADA.

Don/Dona _____, con DNI nº _____,
como representante de _____, CIF/NIF _____,
e enderezo _____

DECLARA BAIXO XURAMENTO:

Que en relación coa orde da Consellería do Medio Rural, de _____, sobre axudas á promoción, comercialización e mellora dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos, solicitou (en caso de estar concedida, indicalo) para os investimentos obxecto deste expediente de subvención, axudas a través de:

- _____
- _____
- _____

☐ Ningunha outra axuda

E para que conste, para os efectos oportunos, asina a presente solicitude

_____, ____ de _____ de 200__

Asdo.:

4.- OUTRA DOCUMENTACIÓN

Xunta a esta solicitude copia debidamente cotexada de:

4.1.- CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL (CIF).

4.2.- ESTATUTOS, NO CASO DE ENTIDADES ASOCIATIVAS.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Resolución do 30 de xaneiro de 2006, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo da Fundación San Rosendo.

Visto o texto do convenio colectivo de ámbito autonómico da *Fundación San Rosendo*, (código de convenio nº 8200882), que se subscribiu coa data de 19 de decembro de 2005, entre a representación empresarial e os representantes dos traballadores, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

Esta dirección xeral

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do devandito convenio colectivo no rexistro xeral de convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2006.

Pilar Cancela Rodríguez

Directora xeral de Relacións Laborais

Convenio colectivo da *Fundación San Rosendo*
Artigo 1º.-Ámbito territorial.

Este convenio colectivo será de aplicación aos centros de traballo da *Fundación San Rosendo*, situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.-Ámbito persoal.

Quedan comprendidos no ámbito deste convenio colectivo os traballadores que presten os seus servizos nos centros de traballo afectados por el.

Quedan expresamente excluídos aqueles traballadores en residencia dependente da Administración.

Artigo 3º.-Ámbito funcional.

Este convenio será de aplicación a todos os centros de traballo que integren a *Fundación San Rosendo*.

Artigo 4º.-Vixencia e duración.

Este convenio entrará en vigor o día do seu asinamento, sendo a súa duración ata o 31 de decembro de 2010.

Artigo 5º.-Denuncia e prórroga.

Calquera das partes asinantes poderá denunciar este convenio con tres meses de antelación ao seu vencemento.

Para que a denuncia teña efecto, terá que facerse mediante comunicación escrita á outra parte.

En caso de non producirse a mencionada denuncia entenderase que o convenio se prorroga automaticamente polo mesmo período incrementándose unicamente os conceptos económicos no IPC resultante do ano anterior, segundo os datos publicados polo INE.

Artigo 6º.-Condicións máis beneficiosas.

Todas as condicións económicas de calquera índole contidas neste convenio teñen o carácter de mínimas, polos pactos, cláusulas e situacións máis beneficiosas do expresado no presente convenio subsistirán para os que os veña gozando, non podendo ser interpretadas como mellora xeral do presente convenio.

Artigo 7º.-Comisión negociadora.

A comisión negociadora está formada polos representantes legais da *Fundación San Rosendo* e representantes elixidos nos dous comités de empresa dos traballadores.

Artigo 8º.-Comisión paritaria.

Créase unha comisión paritaria do convenio, como órgano de interpretación, arbitraje e cumprimento deste convenio.

Ambas as partes acordan someter á comisión paritaria, cantos problemas, discrepancias ou conflitos poidan presentarse ou xurdir da interpretación e aplicación do convenio, con carácter previo á presentación dos distintos supostos ante a autoridade ou xurisdición laboral competente.

Artigo 9º.-Concertan o convenio.

As partes que concertan o presente convenio son representantes legais da *Fundación San Rosendo* e os seus traballadores representados por todos os integrantes dos dous comités de empresa dos traballadores. Recoñécese por ambas as partes a validez como interlocutores.

Artigo 10º.-Vinculación á totalidade.

As condicións pactadas forman un todo orgánico e indivisible e para efectos da súa aplicación práctica serán considerados globalmente.

No caso de que a xurisdición laboral por instancia da autoridade laboral ou calquera dos afectados proceda á anulación dalgún dos pactos deste convenio colectivo, quedará sen efecto a totalidade, debendo as partes afectadas constituír unha nova mesa negociadora no prazo de dous meses a partir da firmeza da sentenza, co obxecto de proceder á renegociación do seu contido.

Artigo 11º.-Organización do traballo.

A organización do traballo será facultade da fundación, sen prexuízo do establecido neste convenio, no Estatuto dos traballadores e demais lexislación aplicable.

Artigo 12º.-Clasificación profesional.

Establécense os grupos profesionais, segundo o nivel de titulación, coñecementos ou experiencia exixida para o seu ingreso. En virtude da tarefa que se realizará e da idoneidade da persoa, cando non se crea necesario a existencia de titulación, o contrato determinará no grupo no cal se ten que integrar a persoa contratada de acordo cos coñecementos e experiencia necesaria en relación coas funcións que se van exercer.

As categorías profesionais son as que se detallan na táboa salarial deste convenio, na táboa salarial anexa.

Artigo 13º.-Contrato de traballo e período de proba.

a) Todos os contratos de traballo se formalizarán por escrito e incluírán en todo caso a expresión deste